

### **Os socialistas pídenlle á Xunta que “tome nota” da Deputación e inicie xa a mellora da estrada que comunica Folgoso con Seoane do Courel**

González Santín e Vicente Docasar, acompañados da candidata á alcaldía, anuncian aos veciños que realizará esta petición no Parlamento debido a que, malia que a delegada territorial de Lugo anunciou a adxudicación do proxecto en 2010, o Goberno galego aínda non acometeu estes traballos

Tendo en conta que a Xunta “nin puxo a primeira pedra, nin moveu unha soa máquina nestes cinco anos”, instan ao PP a que se fixe na Deputación; administración que, “como vimos recentemente, si que dá unha resposta eficaz ás demandas feitas polos lucenses”, ao anunciar a mellora do viario que enlaza Folgoso con Pedrafita. “Unha petición que en ningún momento foi realizada pola alcaldesa do PP, quen desoíndo as reclamacións dos veciños, nunca se dirixiu á administración provincial para solicitar estas actuacións de mellora”, engadiu.

Dado o “fragrante” incumprimento do Executivo, lamentan que os populares criticasen a actuación do organismo provincial. “Convido a todo o Partido Popular a que antes de dicir algo, miren un pouco máis o que teñen dentro. Con Folgoso fallaron. Trátase de dignidade política e, como todos podemos comprobar, o PP demostrou que ten de todo, menos iso”, destacou a alcaldable

O alcalde de Pedrafita, quen non puido participar na xuntanza por motivos de axenda, subliña que a actitude dos populares “é un insulto aos veciños”. “A Xunta de Feijóo fai coma sempre: promete obras cando lle interesa e, cando pasa o momento, *si te he visto, no me acuerdo*. Os cidadáns de Pedrafita sabémolo ben. Dende que o PP goberna, as aportacións para A Montaña son peores que unha esmola, rozan a máis absoluta caridade”, denuncia

**FOLGOSO DO COUREL. 31 DE MARZO DE 2015.**-Os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e Vicente Docasar-, acompañados da candidata á alcaldía de Folgoso do Courel –Carmen Álvarez Álvarez- e de veciños da localidade, comprobaron en primeira persoa o “lamentable” estado no que atopa a estrada LU-651, que comunica este lugar con Seoane; os dous núcleos de poboación máis importantes do municipio. Deste xeito, e logo de constatar “a grave situación” na que se atopa a vía, González Santín e Docasar anunciaron aos cidadáns que esta mesma mañá rexistrarán no Parlamento varias iniciativas, a través das que o Grupo Parlamentario Socialista pedirá á Xunta de Galicia que inicie “con carácter urxente” os trámites de acondicionamento do destacado viario de comunicación.

“Trátase de que o Goberno galego faga o que di. Será unha oportunidade extraordinaria para emendar as continuas mentiras e incumprimentos do Partido Popular”, afirmaron os deputados autonómicos. E é que en xuño de 2010, é dicir, hai case cinco anos, “foi a propia delegada territorial da administración autonómica a que saía nos medios congratulándose da adxudicación provisional do proxecto de execución”, lembrou Santín.

Concretamente, naquel entón, Raquel Arias afirmara que a empresa adxudicataria contaría cun prazo de execución de catro meses para mellorar o firme e realizar as modificacións puntuais, co fin de garantir a seguridade viaria aos usuarios e transeúntes deste enlace. Asimesmo, a reforma, que contaba cun orzamento superior aos 70.000 euros e que estaba enmarcada dentro do *Plan Move*, non só tiña en conta os criterios establecidos para as estradas de baixa intensidade media diaria de circulación, senón que respectaba a integración territorial e as sostibilidade da infraestrutura, tal e como se esixe para aquelas actuacións incluídas nos espazos de Rede Natura.

#### **“A Xunta debe tomar nota da Deputación”**

Por todo elo, e tendo en conta que “nin puxeron a primeira pedra e que nin moveron unha soa máquina en todo este tempo”, o secretario Provincial e Carmen Álvarez instaron ao Executivo de Feijóo “a tomar nota da Deputación de Lugo”; administración que, “como vimos recentemente, si que dá unha resposta eficaz ás demandas feitas polos lucenses”, ao anunciar a mellora e posterior inicio dos traballos da

estrada provincial que comunica esta localidade con Pedrafita do Cebreiro, e que entronca coa reclamada hoxe tanto polos socialistas como polos veciños. “Unha petición que en ningún momento foi realizada pola alcaldesa do PP, quen desoíndo as reclamacións dos veciños, nunca se dirixiu á administración provincial para solicitar estas actuacións de mellora”, engadiu.

“Esiximos o mesmo grao de compromiso”, apuntou a alcaldable socialista e promotora do encontro. “O outro día veu o presidente da Deputación cun compromiso firme, real e executable, non como a Sra. Raquel Arias que, despois de anunciálo hai cinco anos, aínda non fixo nada”. Por este motivo, e dado que “temos unhas eleccións por diante”, a candidata á alcaldía agarda “que non nos volvan a vir coa mesma festa, pois xa vimos que nunca cumpren o que din. Iso sería rirse claramente de nós. Sería unha falta de respecto e un despropósito”.

### **“O PP non ten dignidade política”**

Dado o “fragante” incumprimento do Goberno galego respecto deste asunto, os socialistas lamentan que o Partido Popular “tivese a desfachatez de saír na prensa dicindo que está satisfeito de que a Deputación faga a obra indicada, e que atenda así ás reivindicacións que durante anos lles trasladaron os veciños”.

“Convido a todos os membros do Partido Popular a que, antes de facer ningunha crítica, miren un pouco máis o que teñen dentro pois, como todos sabemos, se se fai algunha obra neste municipio non é coa axuda dos seus compañeiros na Xunta, senón que é, precisamente, grazas á colaboración do Goberno socialistas”. “O PP con Folgoso fallou. Non hai máis que ver que non executou nin un só metro do que prometeu. Trátase de dignidade política e, como todos podemos comprobar, o Partido Popular ten de todo, menos iso”, concluíu a candidata á alcaldía.

### **Máis reaccións**

Nesta mesma liña, maniféstase o alcalde de Pedrafita, quen malia non poder participar na xuntanza por motivos de axenda, si que quere destacar que a actitude mostrada polos populares ante o compromiso de Gómez Besteiro “é un insulto aos veciños”. “Resultan patéticas estas declaracións, sobre todo, porque a Xunta de Feijóo promete obras cando lle interesa e, cando pasa o momento, *si te he visto, no me acuerdo*. Os cidadáns de Pedrafita sabémolo ben. Dende que o PP goberna, as aportacións para A Montaña son peores que unha esmola, rozan a máis absoluta caridade”, denuncia o rexedor.